

Aproveita a túa estancia en Vilar de Santos para coñecer...



O patrimonio cultural

De paso que fas as rutas poderás coñecer o extenso patrimonio que se vai recuperando: muiños, fornos, fontes, airas, pazos ...



O Museo da Limia

Considerado un dos mellores de Galicia, recolle ampla información sobre a desaparecida lagoa de Antela e sobre os oficios e modos de vida da comarca, nos tempos no que a auga doce cubría a extensa chaira da Limia.

www.museodalimia.com



A Reserva da Biosfera

Vilar de Santos integra, xunto con Allariz, A Bola e Rairiz de Veiga, este territorio, recoñecido como tal en 2005 pola UNESCO, tanto pola súa conservación e protección dos elementos naturais, ecosistemas e especies existentes como pola protección das formas tradicionais de uso sostible dos recursos naturais.




O Río Limia e as charcas das areeiras

Un lugar perfecto para a observación de aves. Numerosos patos, pitas de auga e cegoñas reúnense aquí cada ano.



A Vía Nova

Mandada construír polos emperadores Tito e Dominicano para unir as cidades de Braga e Astorga, atravesaba o concello de Leste a Oeste. Podemos atopar miliarios que marcaban a vía en Parada, Cachalgura, Casas de Veiga ou nos Padrosos.



Concello de Vilar de Santos

Estrada de Celanova 77
32690 Vilar de Santos - Ourense
Tel. 988 465 863
concello@vilardesantos.com
www.vilardesantos.com
facebook.com/concellodevilardesantos

VILAR de Santos



Sendeiro de Parada

Distancia

Longa 11Km
Curta 6,5Km

Duración

Longa 3h
Curta 2h

Dificultade

Baixa



Ruta que parte do pobo de Parada , onde deixamos aparcado o noso vehículo. Aquí podemos coller auga para o camiño e visitar o entorno da igrexa de Santa María, que garda no seu interior ao santo mais querido na contorna, e un dos máis singulares de Galicia, San Bieito Preto. Na Pascua son miles os que veñen en peregrinación á festa na súa honra. Este sendeiro circular percorre case toda a parroquia de Parada.



1. Seguimos o camiño asfaltado a Outeiro. Deixamos o pobo e imos cara a zona de Bamba e Bedos, unha zona de enorme riqueza paisaxística, onde recuperamos un antigo camiño que transcorre polo medio dunha carballeira centenaria e poulas.



2. Se optamos pola ruta curta, dirixirémonos cara Toxediño polo monte da Costa, cunhas boas vistas panorámicas e entre lameiros. Aquí podemos visitar o seu forno comunal e ir polo pobo da Venda ao encontro da rota longa.



3. Se optamos pola ruta longa, seguiremos cara a Laioso polo camiño vello. Desde aquí poderemos entender a morfloxía da Limia, xa que saímos da chaira para ir subindo pouco a pouco con fermosas vistas.



4. Atravesaremos unha carballeira antes de chegar a Laioso, onde podemos ver a capela de San Xoán e coller auga na Fonte da Lama.



5. E xa cara a Bréixome de Arriba, podemos camiñar, entre carballos e prados polo Ferradal e As Chousas e ao pé dun muiño de auga ben conservado.

6. Seguimos por camiños tradicionais, ben conservados e imos descendendo de novo. Chegamos á Venda, onde poderemos contemplar e admirar unha das vistas máis impresionantes e fermosas da Limia, co Xurés, o Pico do Mediodía e o Larouco ao fondo.

7. Imos polo antigo camiño da Brea e dirixímonos cara a zona da Lobeira e Cachemendo, un dos lugares máis fermosos da ruta e unha xoia natural da Reserva da Biosfera seguindo o trazado vello por carreiros entre carballeiras e poulas e xa nos encamiñamos cara ao Vieiro e por camiño asfaltado novamente a Parada.

